

# VIEIROS

Edición xeral

VOCES EN MOVEMENTO

## Un Día das Letras para retomar Os Eidos

Lucía Novas toma a inspiración da paisaxe novoneyriana do Courel para renderlle a súa particular homenaxe ao poeta.

Isabel G. Couso - 10:00 16/05/2010

*'EIDOS retomados, xesteiras esguías, xabres nos cavorcos, stones íntimas, e as flores que agroman nas gangs, caureis espesos, morrisseys extraviados, e xorden vieiros en costiñas radiantés, en cumes sollíos, nos smiths sombrizos, nos castiñeiros antergos, nos devanceiros heterodoxos, nos cramps elegantes, na fondura da dor, nas chuvias sobre os lobos, e ouvea o vento, e perdemos as abairas nos camiños, e as hedras ruben, e habitannos as aguias, os sinais penumbrosos, os freixos desnortados, as nogueiras irreverentes, e a noite é tan mesta e tan profunda...!'*

Lucía Novas (Bueu, 1979), gañadora do último Premio de Poesía Johan Carballeira, achéganos, co seu bo fâcer na poesía paisaxística, un seu poema co que retoma *Os Eidos* de Novoneyra para homenaxear a figura deste Día das Letras. As xestas, castiñeiros e lobos novoneyrianos conflúen na súa composición cos novos morrisseys ou smiths, nunha demostración da riqueza léxica e poderosas imaxes que habitan a súa obra.

Licenciada en Filoxía Galega, é acredora de diferentes premios literarios, colleitados dende ben nova, como o Minerva de poesía 1996 e 1997, o Premio Concello de Carral (*Epiderme de Estío*), o Premio Universidade de Vigo de poesía 2000, ou o Faustino Rey Romero, entre outros. A maiores, ofrécenos a súa *Fragmentariedade Conceptual*, unha composición que veu a luz na Revista Grial e da que gusta especialmente. Súmase así ás Voces en Movemento do [Especial das Letras 2010](#), coa que Vieiros rende a súa homenaxe a Uxío Novoneyra.

Podes volver ler aquí os **Especiais das Letras dos últimos anos**:

- No 2009: [Ramón Piñeiro. Día das Letras 2009](#)
- No 2008: [Álvarez Blázquez. Unha luzada de estrelas](#)
- Especiais do Día das Letras [dende o ano 1996 e ate o 2007](#)

**Novas relacionadas**